

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*ORDE do 8 de maio de 2015 pola que se convocan probas libres de títulos extinguidos dos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.*

O Real decreto 806/2006, do 30 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo establecida pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 18.2 que a implantación das titulacións correspondentes aos estudos de formación profesional e dos respectivos novos currículos comezará no ano académico 2007/08 e deberá completarse dentro do prazo de aplicación da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, sen prexuízo da súa actualización permanente, de acordo coas exixencias do Sistema nacional das cualificacións e da formación profesional.

No número 3 do devandito artigo establécese que entanto que non se produza a implantación regulada no punto anterior seguirán vixentes as titulacións e os currículos derivados da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.

O Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do Sistema educativo de Galicia, regula no seu artigo 24 as probas para a obtención dos títulos de técnico e de técnico superior.

A Orde do 12 de xullo de 2011 regula o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.

Como consecuencia da entrada en vigor dos novos títulos de formación profesional establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, en substitución dos establecidos pola Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, procede convocar a realización de probas libres de módulos profesionais dos ciclos formativos que se extinguen, co fin de lle permitir finalizar os estudos e lograr a titulación ao alumnado que se vexa afectado pola implantación das novas ensinanzas.



Por todo o anterior, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, facendo uso das competencias que lle confire o artigo 34.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPÓN:

Artigo 1. *Obxecto*

1. Esta orde ten por obxecto establecer en centros públicos a realización de dúas convocatorias de probas libres para a obtención de títulos de formación profesional actualmente extinguidos dos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, co fin de lle permitir finalizar os estudos e lograr a titulación ao alumnado que cursou as ensinanzas dos devanditos títulos na Comunidade Autónoma de Galicia.

A relación de ciclos formativos para os que se convocan probas libres de módulos profesionais de títulos extinguidos no curso académico 2015/16 e a dos centros públicos en que se realizarán as devanditas probas figuran no anexo I desta orde.

2. As dúas convocatorias terán lugar no curso académico seguinte ao da extinción definitiva da docencia do título, consonte o seguinte calendario:

A primeira convocatoria realizarase no mes de setembro, antes do comezo das actividades lectivas, co fin de posibilitar a matrícula no ciclo equivalente establecido ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

A segunda convocatoria realizarase no mes de xuño, coincidindo co remate das actividades lectivas.

3. Poderán ser obxecto de avaliación nas devanditas convocatorias todos os módulos profesionais dos ciclos formativos extinguidos agás o de Formación en centros de traballo (FCT), que se regulará segundo o disposto no artigo 9 desta orde.

4. O alumnado con módulos pendentes en ciclos formativos de menos de 2.000 horas de duración tras a realización da primeira convocatoria prevista de probas libres poderá solicitar praza no segundo curso polo réxime ordinario, para os efectos de rematar o ciclo formativo que se extingue, se cumpre os correspondentes criterios de promoción.



5. O alumnado con módulos pendentes diferentes ao de FCT tras a realización de calquera das dúas convocatorias previstas de probas libres e que desexe finalizar os seus estudos poderá matricularse, de ser o caso, nas ensinanzas do título equivalente establecido ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para o que se aplicará o réxime de validacións de módulos establecidos no real decreto correspondente.

No caso do réxime ordinario, a matrícula formalizarase no curso que corresponda en función do cumprimento dos requisitos de promoción.

#### Artigo 2. *Lugar e prazo de presentación de solicitudes*

1. As solicitudes de inscrición para participar nas probas libres obxecto desta orde presentaranse nas secretarías dos centros públicos que ofreceron as correspondentes ensinanzas no momento da súa extinción e irán dirixidas á dirección do centro educativo, de acordo co seguinte:

a) As persoas aspirantes que cursaron o ciclo formativo nun centro público deberán presentar necesariamente a solicitude no mesmo centro en que estiveron matriculadas. En caso de non ofrecerse o ciclo formativo no momento da extinción, rexeráse polo disposto na alínea b).

b) No caso de alumnado procedente de centros privados, deberase presentar a solicitude nalgún dos centros públicos aos cales se fai referencia anteriormente.

No caso de remitirse a solicitude por correo, o envío deberá ser certificado, co selo de Correos na primeira folia do formulario, para garantir que a data de remisión é anterior á de pechamento da convocatoria.

2. Establécense dous prazos de presentación de solicitudes, en función das convocatorias previstas:

a) Para a primeira convocatoria: do 7 ao 17 de xullo de 2015.

b) Para a segunda convocatoria: do 6 ao 16 de maio de 2016.

3. O modelo de solicitude axustarase ao establecido no anexo II desta orde. Estará dispoñible na Guía de procedementos e servizos, no enderezo <https://sede.xunta.es>, nas xefaturas territoriais da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e na páxina web <http://www.edu.xunta.es/fp>. Xuntarase a documentación acreditativa que corresponda.



4. Os centros farán pública no taboleiro de anuncios a relación provisional de persoas admitidas no prazo máximo de dous días hábiles desde a finalización do prazo correspondente. Poderase presentar reclamación no prazo máximo de tres días hábiles.

### Artigo 3. *Documentación*

Soamente se o centro onde se presenta a solicitude non coincide co centro onde estivo matriculado/a con anterioridade, á solicitude de inscrición (anexo I) deberáselle achegar a seguinte documentación:

a) Copia do DNI ou NIE, no caso de non dar o consentimento para a comprobación dos datos de identidade no Sistema de verificación do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro.

b) Certificación académica relativa aos requisitos de acceso.

c) De ser o caso, certificación acreditativa de módulos xa superados ou unidades de competencia acreditadas.

### Artigo 4. *Requisitos das persoas solicitantes*

Para poderen acceder á realización das probas libres obxecto desta orde correspondentes a un título de técnico ou de técnico superior extinguido, as persoas aspirantes deberán cumprir o seguinte:

a) Algunha das condicións de acceso a que se refire o artigo 36 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do Sistema educativo de Galicia.

b) Ter formalizada en cursos académicos anteriores a matrícula nalgún centro educativo de Galicia e nun ciclo formativo actualmente extinguido, derivado da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, dos cales se convocan probas libres de módulos profesionais.

c) Non estar matriculado/a simultaneamente nas probas libres obxecto desta orde e no ciclo formativo establecido ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que substitúa o establecido ao abeiro da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.



d) Non estar matriculado/a, durante o período de vixencia da matrícula, simultaneamente nun mesmo módulo profesional nas modalidades a distancia, semipresencial ou presencial, así como nas probas para a obtención deste, consonte o establecido no artigo 47 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo.

e) Ter consumida algunha convocatoria nalgún módulo do ciclo formativo para o que solicita a realización da proba.

#### Artigo 5. *Elaboración, contido e estrutura das probas*

1. En cada centro dos que se recollen no anexo I constituirase unha comisión de avaliación formada polo profesorado dos departamentos correspondentes, que deseñará as probas para cada un dos módulos profesionais do ciclo formativo, agás o de Formación en centros de traballo.

A devandita comisión estará presidida polo xefe ou a xefa do departamento da familia profesional a que pertenza o ciclo formativo.

2. As probas axustaranse aos currículos dos ciclos formativos que se extinguen e abranquerán contidos teóricos e prácticos que permitan evidenciar, a través dos criterios de avaliación correspondentes, se a persoa aspirante alcanzou os obxectivos específicos establecidos para cada módulo en relación cos obxectivos xerais do ciclo formativo.

3. A estrutura da proba, o procedemento e os criterios de avaliación deberanse publicar no taboleiro de anuncios do centro cunha antelación mínima de dous días con respecto ao comezo da realización das probas.

4. Cada módulo profesional será avaliado por un único membro do profesorado, que asinará as actas de avaliación correspondentes.

#### Artigo 6. *Validación de módulos profesionais*

1. As persoas aspirantes admitidas para a realización das probas poderán ter dereito ás validacións de módulos profesionais de ciclos formativos a que se fai referencia nas letras a), b) e c) do punto 2 da disposición transitoria segunda da Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regula o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.

Así mesmo, as persoas que teñan acreditadas unidades de competencia de títulos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sis-



tema educativo, poderán solicitar a validación dos módulos profesionais asociados ante o director ou a directora do centro educativo.

2. Quen desexe solicitar a validación dalgún módulo profesional deberao facer constar expresamente no momento de presentar a solicitude de inscrición para as probas, para o que cumprirá xuntar a documentación que acredite o cumprimento dos requisitos exixidos para a obter.

#### Artigo 7. *Cualificación final das probas libres*

1. A expresión da cualificación final obtida por cada aspirante en cada un dos módulos profesionais realizarase nos termos previstos no artigo 37 da Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regula o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.

2. As persoas aspirantes poderán presentar reclamación contra as cualificacións finais alcanzadas en cada módulo no centro en que se realizaran as probas, consonte o procedemento establecido no artigo 45.2 da citada Orde do 12 de xullo de 2011. As reclamacións basearanse necesariamente nalgún dos aspectos recollidos no artigo 5.3 desta orde.

#### Artigo 8. *Certificación*

A superación das probas libres de módulos profesionais dará dereito a unha certificación individual por cada módulo superado, de acordo co establecido no artigo 43.4 da Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regula o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial. O modelo de certificación será o establecido no anexo XI da devandita orde.

#### Artigo 9. *Módulo de Formación en centros de traballo en títulos extinguidos*

1. O alumnado que teña pendente de superación unicamente o módulo de Formación en centros de traballo logo de se producir a extinción definitiva da docencia dun determinado ciclo formativo ou tras a realización dalgunha das dúas convocatorias a que se fai referencia no artigo 1 desta orde poderá solicitar a súa realización nalgún dos prazos e dos períodos extraordinarios establecidos na Orde do 28 de febreiro de 2007 pola que se regula o módulo profesional de Formación en centros de traballo da formación profesional inicial para o alumnado matriculado en centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia.



2. O módulo de Formación en centros de traballo dun título extinguido poderá realizarse como máximo ata o seguinte curso académico ao da realización das convocatorias de probas previstas no artigo 1 desta orde.

3. A inscrición para solicitar a exención ou cursar o módulo de Formación en centros de traballo realizarase polo réxime de proba libre nos mesmos centros a que se fai referencia no artigo 2.1 desta orde, sen prexuízo do establecido no seu artigo 1.4.

4. Para ter dereito á exención do módulo de formación en centros de traballo, ademais do cumprimento dos requisitos xerais establecidos na normativa vixente cumprirá ter superado o resto dos módulos profesionais do ciclo formativo. A documentación que hai que presentar é a que se especifica no artigo noveno da citada Orde do 28 de febreiro de 2007. A exención da FCT resolverase logo de publicada a resolución das cualificacións definitivas do resto dos módulos profesionais.

5. Para o seguimento do módulo de formación en centros de traballo terase en conta o disposto na Orde do 28 de febreiro de 2007 pola que se regula o módulo profesional de Formación en centros de traballo da formación profesional inicial para o alumnado matriculado en centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### Artigo 10. *Titulación*

As persoas interesadas que superen todos os módulos profesionais dun determinado ciclo formativo e tamén o módulo de Formación en centros de traballo ou sexan eximidas del, de acordo co establecido no artigo 9 desta orde, poderán solicitar a expedición do título correspondente.

Nestes casos, os centros educativos realizarán a proposta de título polo réxime de «proba libre».

#### Artigo 11. *Protección de datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación se autoriza polas persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado «Alumnado», co obxecto de xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante esta mesma Secretaría Xeral Técnica, median-



te o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Edificio Administrativo San Caetano, s/n, 15704 Santiago de Compostela, ou a través do enderezo de correo electrónico [sxpf@edu.xunta.es](mailto:sxpf@edu.xunta.es)

#### Artigo 12. *Consentimentos e autorizacións*

1. A tramitación do procedemento require a verificación de datos en poder das administracións públicas. Xa que logo, os modelos de solicitude incluírán autorizacións expresas ao órgano xestor para realizar as comprobacións oportunas que acrediten a veracidade dos datos. No caso de que non se autorice o órgano xestor para realizar esta operación, deberán achegarse os documentos comprobantes dos datos nos termos exixidos polas normas reguladoras do procedemento.

2. As solicitudes das persoas interesadas deberán achegar os documentos ou as informacións previstos nesta norma, agás que estes xa estivesen en poder da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia; neste caso, as persoas interesadas poderán acollerse ao establecido na letra f) do artigo 35 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que se faga constar a data e o órgano ou a dependencia en que foron presentados ou, de ser o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que correspondan.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa solicitante ou representante a súa presentación dos requisitos a que se refire o documento ou, de non ser así, a acreditación por outros medios, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

#### Artigo 13. *Modelos normalizados de formularios*

Para calquera outro trámite distinto á presentación da solicitude, a sede electrónica da Xunta de Galicia ten ao dispor das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados dos trámites máis comunmente utilizados na tramitación administrativa, que poderán ser presentados en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento normativo*

Autorízase a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para desenvolver esta orde.





Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2015

Román Rodríguez González  
 Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

### ANEXO I

## Convocatoria de probas libres de módulos profesionais para a obtención de títulos extinguidos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo

### Relación de ciclos formativos e centros públicos

#### Curso académico 2015/16

Código ciclo	Ciclo extinguido LOXSE	Provincia	Concello	Código centro	Centro
M05002	Impresión en Artes Gráficas	A Coruña	A Coruña	15004204	IES Calvo Sotelo
			Ferrol	15021469	IES Leixa
			Santiago de Compostela	15016000	CIFP Compostela
		Pontevedra	Pontevedra	36006419	IES Montecelo
M06001	Comercio	A Coruña	Carballo	15002581	IES Alfredo Brañas
			Cedeira	15026376	IES Punta Candieira
			A Coruña	15005257	IES Ramón Menéndez Pidal
			Ferrol	15006778	CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro
			Negreira	15026391	IES Xulián Magariños
			Santiago de Compostela	15026753	IES A Pontepedriña
		Lugo	Foz	27020562	IES de Foz
			Lugo	27006528	CIFP As Mercedes
		Ourense	Ourense	32016765	CIFP Portovello
		Pontevedra	Marín	36015159	IES Chan do Monte
			Pontevedra	36018677	IES Luís Seoane
			Silleda	36020350	IES Pintor Colmeiro
			Tui	36014544	IES Indalecio Pérez Tizón
Vigo	36011579		IES A Guía		
Vilagarcía de Arousa	36019669	IES Armando Cotarelo Valledor			

CVE-DOG: x8jfq7y7-yhe6-rca1-e9a1-kf2toyxkhy5



Código ciclo	Ciclo extinguido LOXSE	Provincia	Concello	Código centro	Centro
M07001	Laboratorio de Imaxe	A Coruña	Ferrol	15006791	IES Saturnino Montojo
			Noia	15010812	IES Virxe do Mar
			Santiago de Compostela	15015743	IES Arcebispo Xelmírez I
M12002	Estética Persoal Decorativa	A Coruña	A Coruña	15024513	CIFP Someso
			Ferrol	15025645	IES Ricardo Carballo Calero
			Santiago de Compostela	15023466	IES Lamas de Abade
		Lugo	Lugo	27015773	IES Muralla Romana
			Monforte de Lemos	27015311	IES A Pinguela
		Ourense	Ourense	32009116	IES 12 de Outubro
		Pontevedra	Bueu	36019463	IES Johan Carballeira
			Pontevedra	36006730	IES Frei Martín Sarmiento
Vigo	36018173		IES de Teis		
M18002	Laboratorio	A Coruña	A Coruña	15027770	IES A Sardiñeira
			Ferrol	15006742	IES Concepción Arenal
			Santiago de Compostela	15015767	CIFP Politécnico de Santiago
		Lugo	Lugo	27006531	IES Lucus Augusti
		Ourense	Ourense	32008902	CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel
		Pontevedra	Pontevedra	36013761	IES A Xunqueira I
			Vigo	36013448	CIFP Manuel Antonio
S04002	Secretariado	A Coruña	A Coruña	15005397	IES Fernando Wirtz Suárez
			Ferrol	15006778	CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro
			Santiago de Compostela	15027058	IES As Fontiñas
		Lugo	Lugo	27015773	IES Muralla Romana
		Ourense	Ourense	32016765	CIFP Portovello
		Pontevedra	Pontevedra	36018677	IES Luís Seoane
			Vigo	36017430	IES Ricardo Mella
Vilagarcía de Arousa	36019669		IES Armando Cotarelo Valledor		



Código ciclo	Ciclo extinguido LOXSE	Provincia	Concello	Código centro	Centro
S06002	Xestión Comercial e Márketing	A Coruña	Betanzos	15001136	IES Francisco Aguiar
			A Coruña	15005257	IES Ramón Menéndez Pidal
			Ferrol	15006778	CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro
			Santiago de Compostela	15026753	IES A Pontepedriña
		Lugo	Lugo	27006528	CIFP As Mercedes
		Ourense	Ourense	32016765	CIFP Portovello
		Pontevedra	Marín	36015159	IES Chan do Monte
			Pontevedra	36018677	IES Luís Seoane
			Silleda	36020350	IES Pintor Colmeiro
			Tui	36014544	IES Indalecio Pérez Tizón
			Vigo	36011579	IES A Guía
		Vilagarcía de Arousa	36019669	IES Armando Cotarelo Valledor	
S11005	Animación Turística	A Coruña	Santiago de Compostela	15015755	IES Plurilingüe Rosalía de Castro
S12001	Asesoría de Imaxe Persoal	Pontevedra	Vigo	36018173	IES de Teis
S19004	Documentación Sanitaria	A Coruña	A Coruña	15022607	CIFP Ánxel Casal-Monte Alto
			Santiago de Compostela	15023466	IES Lamas de Abade
		Ourense	Ourense	32008902	CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel
		Pontevedra	Redondela	36019566	IES de Chapela
S19005	Hixiene Bucodental	A Coruña	A Coruña	15022607	CIFP Ánxel Casal-Monte Alto
		Ourense	Ourense	32008902	CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel
S19010	Radioterapia	A Coruña	A Coruña	15022607	CIFP Ánxel Casal-Monte Alto
S20001	Animación Sociocultural	A Coruña	A Coruña	15022607	CIFP Ánxel Casal-Monte Alto
			Santiago de Compostela	15026753	IES A Pontepedriña
		Pontevedra	Baiona	36019657	IES Primeiro de Marzo
S20003	Integración Social	A Coruña	A Coruña	15022607	CIFP Ánxel Casal-Monte Alto
		Ourense	Ourense	32016765	CIFP Portovello




**XUNTA DE GALICIA**

 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**ANEXO I**

PROCEDEMENTO <b>INSCRIPCIÓN PARA AS PROBAS LIBRES DE MÓDULOS PROFESIONAIS DE CICLOS FORMATIVOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL AO ABEIRO DA LEI ORGÁNICA 1/1990</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>ED517J</b>	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	-------------------------

<b>DATOS DA PERSOA SOLICITANTE</b>							
NOME	PRIMEIRO APELLIDO	SEGUNDO APELLIDO	NIF				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
CP	PROVINCIA	CONCELLO			LOCALIDADE		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>		
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					

<b>E, NA SÚA REPRESENTACIÓN</b> (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)							
NOME	PRIMEIRO APELLIDO	SEGUNDO APELLIDO	NIF				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				

<b>ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN</b> (non é necesario se coincide co anterior)							
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
CP	PROVINCIA	CONCELLO			LOCALIDADE		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>		
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					

<b>PROBAS PARA AS QUE SOLICITA INSCRIPCIÓN</b>							
<input type="checkbox"/> Validación de módulos profesionais.							
<input type="checkbox"/> Exención do módulo de formación en centros de traballo.							
<input type="checkbox"/> Adaptación da proba en tempo ou facilitando os recursos técnicos que se indican:							
<input type="text"/>							
<input type="checkbox"/> Ser admitido/a para a realización das probas libres dos seguintes módulos profesionais:							
CÓDIGO DO CENTRO		<input type="text"/>	CÓDIGO DO CICLO FORMATIVO		<input type="text"/>		
ORDE	CÓDIGO DO MÓDULO	ORDE	CÓDIGO DO MÓDULO	ORDE	CÓDIGO DO MÓDULO		
1		5		9			
2		6		10			
3		7		11			
4		8		12			

<b>A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA</b>	
- Non estou a cursar no momento de inscrición ás probas as ensinanzas do mesmo ciclo formativo, con independencia do réxime (ordinario ou de persoas adultas).	
- Teño formalizada a matrícula nalgún ciclo formativo diferente no presente ano académico: <input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	



**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA (continuación)****PARA CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO**

- Que ten dezaoto anos de idade ou os fai no ano natural en que se realicen as probas.
- Que cumpre o requisito de acceso directo por (marque cun X a opción correspondente):
- Graduado en ESO.
  - Técnico auxiliar.
  - Técnico.
  - Acceso por PCPI (Orde do 13 de xullo de 2011).
  - 2º curso do 1º ciclo experimental REM.
  - Das ensinanzas de artes aplicadas e oficios artísticos: 3º curso do plan de estudos de 1963 ou 2º curso de comúns experimental.
  - Algún dos requisitos de acceso a ciclos de grao superior. Marcar a opción que corresponda na epígrafe titulada "para ciclos formativos de grao superior" (véxase máis abaixo).
  - Outros estudos declarados equivalentes (indicar cal):
- Que cumpre o requisito de acceso mediante proba (marque cun X a opción correspondente):
- Proba de acceso aos ciclos formativos.
  - PAU para maiores de 25 anos.
- Que non cumpre o requisito xeral de acceso (unicamente no caso de que a convocatoria permita presentarse sen os requisitos de acceso).

**PARA CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR**

- Que ten vinte anos de idade (ou dezanove para quen estea en posesión do título de técnico) ou os fai no ano natural de realización das probas.
- Que cumpre o requisito de acceso directo por (marque cun X a opción correspondente):
- Bacharelato establecido na Lei orgánica 2/2006, de educación.
  - Bacharelato da LOXSE.
  - Bacharelato experimental.
  - Titulación universitaria ou equivalente.
  - Curso de orientación universitaria ou preuniversitario.
  - Técnico especialista, técnico superior ou equivalente para os efectos académicos.
  - Outros estudos declarados equivalentes (indicar cal):
- Que cumpre o requisito de acceso mediante proba (marque cun X a opción correspondente):
- Proba de acceso aos ciclos formativos.
  - PAU para maiores de 25 anos.
- Que non cumpre o requisito xeral de acceso (únicamente no caso de que a convocatoria permita presentarse sen os requisitos de acceso).

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA**

- |   |
|---|
| <input type="checkbox"/> Copia do DNI ou NIE, só no caso de non autorizar a súa consulta no Sistema de verificación de datos de identidade. |
| SE A PERSOA SOLICITANTE CUMPRE OS REQUISITOS XERAIS DE ACCESO:  |
| <input type="checkbox"/> Certificación académica en que conste o expediente académico e o depósito do título, se é o caso (acceso directo). |
| <input type="checkbox"/> Certificación da superación da proba de acceso ao ciclo formativo (acceso mediante proba).                         |
| <input type="checkbox"/> Certificado da superación da proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos (acceso mediante proba).       |
| A PERSOA SOLICITANTE XA TEN MÓDULOS SUPERADOS OU UNIDADES DE COMPETENCIA ACREDITADAS:   |
| <input type="checkbox"/> Certificación acreditativa de módulos xa superados.  |
| <input type="checkbox"/> Certificación acreditativa de unidades de competencia.   |





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**ANEXO I**  
**(continuación)**

Autorizo a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para consultar os datos de identidade da persoa solicitante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.

SI  NON (neste caso achegarase a documentación correspondente)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia, cuxa finalidade é a xestión e rexistro deste procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a [sxpf@edu.xunta.es](mailto:sxpf@edu.xunta.es)


**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.
- Orde do 8 de maio de 2015 pola que se convocan probas libres de títulos extinguidos dos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

,  de  de



Dirección do centro



**XUNTA  
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>

